

ACTA Nº 2017/4

SESIÓN ORDINARIA

PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

- Casa do Concello, xoves 27 de abril de 2017 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e as concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal.

PRESIDE: ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

ASISTEN:

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTANS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
RAQUEL GARCIA ABUIN

PP
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO

PSdeG-PSOE
MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARTÍN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

Rianxo en Común-SON
ANTONIO CASTRO CASTRO
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENCIAS:

PP
MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS
MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN

SECRETARIA: PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO

INTERVENTORA:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación acta nº 3 pleno ordinario 30 de marzo de 2017
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Ratificación da Resolución nº 293-2017 do 12 de abril de 2017. Corrección de erros, acordo plenario do 20 de febreiro de 2017, POS 2017
4. Ratificación da R.A. nº 325-2017. Aprobación proxecto emendado Vestiarios no campo de fútbol de A Lomba
5. Ratificación da R.A. nº 327-2017. Aprobación proxecto emendado Acondicionamento de edificio para

a sede da Policía Local de Rianxo

6. Dación de conta: Variacións na composición do grupo municipal Partido Popular de Rianxo, nas Comisións Informativas.

7. Proposta de adhesión ao Convenio de Colaboración entre a AEAT e a FEMP en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais
MOCIÓNS

8. Moción do grupo municipal PSOE. Adopción de medidas para evitar, na medida do posible, a violencia no deporte

9. Moción de Rianxo en Común: Implementación dun edificio público enerxéticamente eficiente.

10. Moción de Rianxo en Común: Recoñecemento das cualificacións profesionais dos/as técnicos en atención a persoas en situación de dependencia.

11. Moción de Rianxo en Común: Modificación do sistema de reparto de alimentos ás familias necesitadas

12. Moción de Rianxo en Común: Regulación do uso dos Locais públicos

13. Moción do BNG: Superávit dos Concellos

14. Moción do BNG: Distribución dos recursos da Xunta de Galicia aos Concellos con criterios obxectivos e transparentes

15. Rogos e preguntas

O alcalde, antes de iniciar a sesión pide un minuto de silencio polos mariñeiros e polo rapaz do club de remo falecidos recentemente. O pleno procede a gardar un minuto de silencio .

Enlace no que pode accederse o pleno <https://www.youtube.com/watch?v=vj4ijL6KM7c>

1.- APROBACIÓN ACTA Nº 3 PLENO ORDINARIO 30 DE MARZO DE 2017

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 3/2017 de 30/03/2017.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 30/03/2017, Acta nº 3/2017.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Os concelleiros de Rianxo en Común :

- Juan Antonio Losada. Manifesta que no punto dos taxis non se recolle a solicitude do noso grupo de que se sinalicen as zoas urbanas e se faga cumprir a normativa

- Antonio Castro manifesta que na acta non queda reflexada no acordo de nomeamento da comisión

de municipalización do subministro auga a primeira parte da súa intervención manifestan que o seu grupo está a favor da remunicipalización do servizo pero non embarcarnos situacións imposibles

- A portavoz do PSG_PSOE tamén manifesta que na acta nos apartados de rogos e preguntas a secretaria non recolle o sentido da nosa intervención
- Arranxen os espellos en concreto referíame o do Cruce de campo Lameiro por desgraza houbo un accidente este finde semana
- No colexio Castelao referíame a alumeadado público a un punto de luz non as luces do edificio .
- Así tampouco se reflexa correctamente a miña intervención relativa a prohibición de aparcas nos saídas das pistas eu manifestei a prohibición de aparcas a unha distancia de 1,5 metros que permita facilitar a visibilidade.
- E a pregunta relativa a competencia do pintado das vías cerca da vías do tren eu referinme o mantemento das vías non o pintado e eran as da autovía non as vías do tren como se reflexa na acta .

Mª Carmen manifesta non se recolleron dous rogos na acta:

- Arranxo dunhas lousas na Praza Castelao nas escaleiras e onde a Banca sobresaen e son un perigo para os viandantes
- Que se Reparen os baches antes de que se convertan en socabóns e deixenen as pistas intransitables así referíame o que hai na pista que sube o campo de Vilas, o da pista que vai Igrexa de Isorna ou en Quintans

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta coas emendas sinaladas

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/03/2017 ata o 31/03/2017, que comprenden os números 147/2017 ao 264/2017, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

Acta Nº 4 da Sesión ordinaria do día 13/03/2017

Acta nº 5 da Sesión ordinaria do día 27/03/2017

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

3.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN Nº 293-2017 DO 12 DE ABRIL DE 2017. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.- PLAN ÚNICO DE CONCELLOS- POS + 2017

Corrección de erros, acordo plenario do 20 de febreiro de 2017. POS 2017

En Sesión plenaria do luns 20 de febreiro de 2017 adoptouse o acordo relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2017.

O 11 de abril de 2017, a Deputación Provincial da Coruña, requiriu modificación da denominación do PROXECTO DE REMODELACIÓN DE PARQUES INFANTIIS UBICADOS EN ÁREAS RECREATIVAS, así como complementar no apartado G: Resumo os Totais das achegas.

De acordo co artigo 192 da Lei 39/2015, as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A rectificación do erro material, pola súa propia natureza é unha intervención de carácter meramente instrumental e subordinado e non alberga unha decisión substantiva que requira a intervención do órgano competente para a resolución final do procedemento (entre outras a STS de 5-6-2006)

Esta Alcaldía, como órgano competente con carácter residual en todo aquilo non atribuído expresamente a outro órgano pola normativa vixente, RESOLVE:

PRIMEIRO

Aprobar as rectificacións do acordo plenario do día 20 de febreiro de 2017 requiridas pola Deputación Provincial da Coruña, de xeito que onde di:

Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2017

A Deputación Provincial de Coruña ó día 25/11/2016, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal Plan Único de Concellos Pos +2017. A asignación que corresponde ao Concello de Rianxo ascende a 767.673,29 repartidos do seguinte xeito

Achega provincial 2017	Achega provincial 2016	Préstamo provincial	TOTAL
337.153,81	207.479,27	223.040,21	767.673,29

Considerando que en primeiro lugar debemos destinar 328.238,05 € o pago das débedas a provedores e 50.786,26 € a amortización de débeda con entidades financeiras.

De acordo coas solicitudes dos diferentes grupos políticos da Corporación a estes programas da Deputación, tendo en conta o tempo e as disponibilidades orzamentarias, encargáronse os distintos proxectos de obras

VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA
PROXECTO DE REMODELACIÓN DE PARQUES INFANTIIS UBICADOS EN ÁREAS RECREATIVAS
PAVIMENTACIÓN DE VIAL RIANXIÑO -FINCHEIRA
PROXECTO PARA EXECUCIÓN DE SANEAMENTO INTEGRAL NO LUGAR DE FOXACOS

PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA (ASADOS)

OBRAS DE MANTEMENTO E MELLORA NO CEMITERIO MUNICIPAL
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA SEDE DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO

Contando cos proxectos de obras e os correspondentes informes técnicos e de secretaría, estando tramitándose as autorizacións sectoriais preceptivas.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal Plan único de concellos POS+2017 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a achega provincial 2017, achega provincial 2016 e préstamo provincial 2017:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	207.479,27 €
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	120.758,78 €
Subtotal pago a provedores	328.238,05 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0€
Subtotal gasto corrente	0€

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA	103.997,69 €	47.927,59 €	151.925,28 €
PROXECTO DE REMODELACIÓN DE PARQUES INFANTIS UBICADOS EN ÁREAS RECREATIVAS	103.997,70 €	61.320,99 €	165.318,69 €
PAVIMENTACIÓN DE VIAL RIANXIÑO -FINCHEIRA	8.399,64 €	33.593,51 €	41.993,15 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017	216.395,03 €	142.842,09€	359.237,12 €

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2016	0	0	0

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento
--------------------------	-------------------------------

Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
PROXECTO PARA EXECUCIÓN DE SANEAMENTO INTEGRAL NO LUGAR DE FOXACOS	172.253,95 €	24.953,54 €	197.207,49 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	172.253,95 €	24.953,54 €	197.207,49 €

2.- Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0
Subtotal achegas municipais	0

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
BBVA	9555014584	50.786,26 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		50.786,26 €

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	207.479,27 €		207.479,27 €
	Achega 2017	120.758,78 €		120.758,78 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	0	0	0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	216.395,03 €	142.842,09€	359.237,12 €

	Achega 2016	0	0	0
	Préstamo 2017	172.253,95 €	24.953,54 €	197.207,49 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0	0	0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2016	0	0	0
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	50.786,26 €	0	50.786,26 €
TOTAL	Achega 2017			
	Achega 2016			
	Préstamo 2017			
	TOTAL	767.673,29 €	167.795,63 €	935.468,92€

3.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA (ASADOS)	122.981,38 €
OBRAS DE MANTEMENTO E MELLORA NO CEMITERIO MUNICIPAL	97.007,50 €
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA SEDE DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO	130.877,56 €
TOTAIS	350.866,44 €

4.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

8.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade

Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Deber dicir:

Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos-POS + 2017

A Deputación Provincial de Coruña ó día 25/11/2016, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal Plan Único de Concellos Pos +2017. A asignación que corresponde ao Concello de Rianxo ascende a 767.673,29 repartidos do seguinte xeito

Achega provincial 2017	Achega provincial 2016	Préstamo provincial	TOTAL
337.153,81	207.479,27	223.040,21	767.673,29

Considerando que en primeiro lugar debemos destinar 328.238,05 € o pago das débedas a provedores e 50.786,26 € a amortización de débeda con entidades financeiras.

De acordo coas solicitudes dos diferentes grupos políticos da Corporación a estes programas da Deputación, tendo en conta o tempo e as disponibilidades orzamentarias, encargáronse os distintos proxectos de obras

VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA
PROXECTO DE REMODELACIÓN DE PARQUES INFANTIS UBICADOS EN ÁREAS RECREATIVAS: ÁREA RECREATIVA DE A TORRE (TARAGOÑA) – ÁREA RECREATIVA DE BRIÓN (LEIRO) – ÁREA RECREATIVA DE BUIA (ARAÑO) – ÁREA RECREATIVA OS MEDEIROS EN QUINTÁNS (ISORNA)
PAVIMENTACIÓN DE VIAL RIANXIÑO -FINCHEIRA
PROXECTO PARA EXECUCIÓN DE SANEAMENTO INTEGRAL NO LUGAR DE FOXACOS

PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA (ASADOS)
OBRAS DE MANTEMENTO E MELLORA NO CEMITERIO MUNICIPAL
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA SEDE DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO

Contando cos proxectos de obras e os correspondentes informes técnicos e de secretaría, estando tramitándose as autorizacións sectoriais preceptivas.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal Plan único de concellos POS+2017 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a

continuación, separando os que se financian con cargo a achega provincial 2017, achega provincial 2016 e préstamo provincial 2017:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	207.479,27 €
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	120.758,78 €
Subtotal pago a provedores	328.238,05 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0€
Subtotal gasto corrente	0€

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA	103.997,69 €	47.927,59 €	151.925,28 €
PROXECTO DE REMODELACIÓN DE PARQUES INFANTIIS UBICADOS EN ÁREAS RECREATIVAS: ÁREA RECREATIVA DE A TORRE (TARAGOÑA) - ÁREA RECREATIVA DE BRIÓN (LEIRO) - ÁREA RECREATIVA DE BUIA (ARAÑO) - ÁREA RECREATIVA OS MEDEIROS EN QUINTÁNS (ISORNA)	103.997,70 €	61.320,99 €	165.318,69 €
PAVIMENTACIÓN DE VIAL RIANXIÑO -FINCHEIRA	8.399,64 €	33.593,51 €	41.993,15 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017	216.395,03 €	142.842,09€	359.237,12 €

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2016	0	0	0

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
PROXECTO PARA EXECUCIÓN DE SANEAMENTO INTEGRAL NO LUGAR DE FOXACOS	172.253,95 €	24.953,54 €	197.207,49 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	172.253,95 €	24.953,54 €	197.207,49 €

2.- Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0
Subtotal achegas municipais	0

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
BBVA	9555014584	50.786,26 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		50.786,26 €

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	207.479,27 €		207.479,27 €

	Achega 2017	120.758,78 €		120.758,78 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	0	0	0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	216.395,03 €	142.842,09€	359.237,12 €
	Achega 2016	0	0	0
	Préstamo 2017	172.253,95 €	24.953,54 €	197.207,49 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0	0	0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2016	0	0	0
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	50.786,26 €	0	50.786,26 €
TOTAL	Achega 2017	337.153,81 €	142.842,09 €	479.995,90 €
	Achega 2016	207.479,27 €	0	207.479,27 €
	Préstamo 2017	223.040,21 €	24.953,54 €	247.993,75 €
	TOTAL	767.673,29 €	167.795,63 €	935.468,92€

3.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA (ASADOS)	122.981,38 €
OBRAS DE MANTEMENTO E MELLORA NO CEMITERIO MUNICIPAL	97.007,50 €
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA SEDE DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO	130.877,56 €
TOTAIS	350.866,44 €

4.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

8.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

SEGUNDO

Comunicar esta resolución á Deputación Provincial, á intervención municipal e ratificar esta Resolución no próximo Pleno da corporación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR a proposta nos termos desta.

4.- RATIFICACIÓN DA R.A. Nº 325-2017. APROBACIÓN PROXECTO EMENDADO VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA

En Sesión plenaria do luns 20 de febreiro de 2017 adoptouse o acordo relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2017.

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA	103.997,69	47.927,59€	151.925,28

Unha vez remitida a documentación correspondente recibíuse o requirimento de emenda formulado pola Deputación Provincial da Coruña, corrixíndose no proxecto de emenda presentado o 20 de abril de 2017, e subido a plataforma Subtel da deputación.

Visto que os cambios introducidos no proxecto a pedimento da Deputación provincial da Coruña, refírense á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Aínda así, e co gallo de someter esta nova proposta á Deputación Provincial, estímase procedente adiantar o devandito paso sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión.

Polo exposto, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO

Aprobar o proxecto técnico en que se recollen cos cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA	103.997,69	47.927,59€	151.925,28

SEGUNDO

Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para a súa ratificación.

TERCEIRO

Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2017

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR a proposta nos termos desta.

5.- RATIFICACIÓN DA R.A. Nº 327-2017. APROBACIÓN PROXECTO EMENDADO ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA A SEDE DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO

En Sesión plenaria do luns 20 de febreiro de 2017 adoptouse o acordo relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2017 e Plan Complementario do ano 2017

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA SEDE DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO	130.877,56 €

Unha vez remitida a documentación correspondente recibíuse o requirimento de emenda formulado

pola Deputación Provincial da Coruña, corrixíndose no proxecto de emenda presentado o 21 de abril de 2017, e subido a plataforma Subtel da deputación.

Visto que os cambios introducidos no proxecto a pedimento da Deputación provincial da Coruña, refírense á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excma. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Aínda así, e co gallo de someter esta nova proposta á Deputación Provincial, estímase procedente adiantar o devandito paso sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión.

Polo exposto, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO

Aprobar o proxecto técnico en que se recollen os cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA SEDE DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO	130.877,56 €

SEGUNDO

Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para a súa ratificación.

TERCEIRO

Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2017

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR a proposta nos termos desta.

6.- DACIÓN DE CONTA: VARIACIÓNS NA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR DE RIANXO, NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Con data 21 de abril de 2017 e rexistro de entrada nº 2449, tivo entrada no Concello a solicitude da voceira do grupo municipal do Partido Popular de Rianxo, coas variacións na composición das Comisións Informativas de dito grupo municipal:

Comisión Informativa de Deportes e Patrimonio Histórico, Cultura, Xuventude, Educación e Normalización:

Vogal: Adrián Vidal Iglesias.

Suplente: María Jesús Galbán Teijeiro.

Comisión Informativa Especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Vogal: Elisa Bouzas Vicente

Suplente: María Vanesa Martínez Durán

Comisión Informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local, Comercio, Turismo e Medio Ambiente

Vogal: María Jesús Galbán Teijeiro

Suplente: Adrián Vidal Iglesias.

Cadro de Composición das Comisións Informativas do Concello de Rianxo

COMISIÓN	PRESIDENTE	CONCELLEIROS	
		TITULARES	SUPLENTES
BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 501/2015 de 21.09.15)	Hadriana Ordóñez Otero Elisa Bouzas Vicente M ^a Demelsa Iglesias Collazo Antonio Castro Castro	Adelina Ces Quintáns M ^a Jesús Galbán Teijeiro Martín Comojo Vicente Juan Antonio Losasa Martínez
PROMOCIÓN ECONÓMICA, DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 501/2015 de 21.09.15)	Adelina Ces Quintáns M ^a Jesús Galbán Teijeiro Francisco J. García Ares Juan Antonio Losada Martínez	Tobías Betanzos Rego Adrián Vidal Iglesias Martín Comojo Vicente Antonio Castro Castro
DEPORTES E PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 501/2015 de 21.09.15)	Raquel García Abuín Xusto Xosé Ordóñez Figueira Adrián Vidal Iglesias Martín Comojo Vicente Antonio Castro Castro	Hadriana Ordóñez Otero M ^a Jesús Galbán Teijeiro Francisco J. García Ares Juan Antonio Losada Martínez
ECONOMÍA E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 501/2015 de 21.09.15)	Tobías Betanzos Rego Adela Becerra Mayo M ^a Demelsa Iglesias Collazo Juan Antonio Losada Martínez	Adelina Ces Quintáns M ^a Vanesa Martínez Durán M ^a Carmen Figueira Ares Antonio Castro Castro
URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS-SERVIZOS MUNICIPAIS	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 280/2016 de 22.06.16)	Tobías Betanzos Rego M ^a Vanesa Martínez Durán M ^a Carmen Figueira Ares Antonio Castro Castro	Raquel García Abuín Elisa Bouzas Vicente Francisco Javier García Ares Juan Antonio Losada Martínez
ESPECIAL DE CONTAS	Adolfo Muíños Sánchez	Tobías Betanzos Rego Adela Becerra Mayo M ^a Demelsa Iglesias Collazo	Raquel García Abuín Elisa Bouzas Vicente M ^a Carmen Figueira Ares

		Juan Antonio Losada Martínez	Antonio Castro Castro
INFORMATIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM)	Adolfo Muíños Sánchez	Xusto Xosé Ordóñez Figueira Elisa Bouzas Vicente M ^a Carmen Figueira Ares Antonio Castro Castro	Adelina Ces Quintáns María Vanesa Martínez Durán Francisco Javier García Ares Juan Antonio Losada Martínez

Dar Conta ao Pleno e trasladar este acordo as diferentes Comisións Informativas.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

7.- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AEAT E A FEMP EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS

O Convenio de colaboración entre a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais, asinado no mes de abril do ano 2003, ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración sobre as condicións e procedementos polos que se deba rexer o intercambio de información e a colaboración na xestión recadatoria entre a AEAT e as Entidades Locais que se adhiran ao mesmo, preservando en todo caso os dereitos das persoas a que se refira a información.

Na procura da modernización administrativa, da mellora da xestión recadatoria do Concello e do cumprimento de obrigas, preténdese dar un paso adiante coa adhesión a dito Convenio. O Concello deixa de ser mero perceptor de información, cooperando coa Axencia Estatal ó abeiro do artigo 3.2 da Lei 39/2015, mediante o intercambio da seguinte información:

Da Axencia Tributaria ó Concello de Rianxo:

- Datos identificativos.
- Censo de contribuíntes que pertencen ó ámbito territorial do Concello de Rianxo.
- Censo de obrigados, cando o domicilio fiscal da actividade se encontre no ámbito territorial do Concello de Rianxo.
- Imposto sobre Actividades Económicas.
- Cesión de información sobre depósitos bancarios da provincia de A Coruña, no seu caso.
- Cesión de información sobre participacións en fondos de inversión da provincia en cuxo ámbito territorial se atope o Concello.

Do Concello de Rianxo á Axencia Tributaria.

- Datos identificativos contidos no padrón municipal.
- Altas, baixas e modificacións no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Liquidacións do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- Liquidacións do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

- Bens inmobles cuxa titularidade corresponda a persoas residentes no estranxeiro.
- Cambios na clasificación do solo.
- Información de natureza urbanística (licencias concedidas, identidade do promotor, presuposto da obra, ...)

Na vía da colaboración na xestión recadatoria, a adhesión ao convenio acadará os seguintes obxectivos:

- Xestión tributaria: facilitará a notificación dos actos de xestión tributaria mediante o acceso ao censo de contribuíntes e obrigados.
- Xestión recadatoria.- Permitirá recadar vía executiva créditos que non entran dentro do ámbito do Convenio de Colaboración coa Atriga, como por exemplo as débedas das herdanzas xacentes ou de proposicións de fallidos que non revisten tal carácter por aplicación da normativa tributaria, a través da previa reclamación da débedas aos suxeitos pasivos, sucesores ou responsables e a posterior traba, no seu caso, das devolucións do IRPF ou do IVE.
- Comprobacións de estar ao corrente: axilización da comprobación de estar ao corrente do acredores municipais a través do ficeiro 997.
- Salvar o principio de territorialidade que condiciona as actuacións do Concello en materia recadatoria respecto dos expedientes que non xestionen a Atriga
- Incremento dos ingresos do Concello.- Derivados do inicio de actuacións en expedientes que na actualidade non son obxecto de trámite de ningún tipo, polo vacío existente no Convenio coa Atriga.

Visto o texto integro do Convenio, as guías e protocolos existentes para a posta en funcionamento do seu contido e o informe da Tesouraría, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais.

2º.- Facultar ao Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 24/04/2017, sendo este favorable.

Despois da exposición pormenorizada da proposta polo concelleiro de Economía e Facenda Tobías Betanzos no que manifesta para poder facer a xestión tributaria con medios propios e necesario ter ferramentas e este convenio trata de dotar de mais ferramentas o servizo de recadación .Recorda que o concello non ten delegada nin na deputación nin en empresas o servizo senón que é por xestión directa , os niveis de recadación son moi bos , os propios veciños tributan e as dúbidas resólvenselle dende aquí. Isto procura mellorar a xustiza tributaria e que todos os obrigados a tributar o fagan ,sen esquecernos de sensibilidade hacia situacións persoais.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

-Portavoz de Rianxo en Común

Sinala que se estiveran no goberno seguramente o quixeran asinar,. Nos non somos partidarios de que ninguén deixe de cumprir coas súas obrigas tributarias pero gustaríanos que os convenios buscaran controlar a xente do capital e que con este convenio de intercambio de información non procuren so asfixiar a clase traballadora deben buscarse outras propostas mais prioritarias no ámbito tributario.

-Portavoz do PSOE Mª Carmen

Manifesta que apoiamos o convenio creemos vai axudar a mellorar a xestión .

-Voceira do PP Adela

Indica que lle preocupa os retrasos nos pagos, os medios tecnolóxicos poden axudar, creemos é positivo o intercambio de información de acordo co informado na comisión pola tesoureira .

-O alcalde

Sinala que o intercambio de información incide nas persoas que non contribúen, a clase traballadora non escapa porque está controlada , buscar en contas, fondos de inversión . Tal e como expresaba o concelleiro de facenda entendemos o convenio como unha mellora na recadación aplicando os principios de xustiza tributaria .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros do grupo PP), cero votos en contra e dous abstencións (2 membros de Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE. ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA EVITAR, NA MEDIDA DO POSIBLE, A VIOLENCIA NO DEPORTE

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas fomos testigos de numerosos altercados violentos dentro do mundo do deporte, os cales abarcan dende os insultos ate as ameazas ou agresións de carácter físico.

Estamos de acordo coa importancia que ten o deporte para a nosa sociedade e por eso é fundamental fomentar os valores do deporte como elemento socializador.

O que si parece claro é que se trata dunha cuestión de educación e convivencia, por eso nos parece necesario que hai que adoptar medidas para intentar evitar que se sigan producindo casos lamentables deste tipo.

Non podemos admitir como algo normal os insultos e agresións verbais que se producen con moita frecuencia dentro dos recintos deportivos.

A única forma de loitar contra isto é a concienciación da poboación, xa que cando se traballa sobre un

tema neste ámbito e a xente se involucra, os resultados nótanse.

É necesario buscar tamén a colaboración dos diferentes clubs e federacións, para tratar de “educar” a parte da poboación que acude ós eventos deportivos e ós/ás deportistas, para que o normal sexa a competición san e o “fair play”.

Sería interesante elaborar un sinxelo código ético e disciplinario, que se poda aplicar no caso de que se produza no noso concello algún destes sucesos lamentables.

É triste que despois de que se produza un feito deste tipo, e tendo sorte de que o dano producido non sexa irreversible, as persoas involucradas piden perdón, pero o mal xa está feito.

Unha das formas de loita contra este mal é incidir na educación de rapaces e rapazas. Charlas con persoal especializado son fundamentais para conciencialos/las de que a violencia e o deporte non poden ir da man. Por eso creemos que este traballo se debe de levar a cabo conxuntamente cos centros educativos do noso concello.

Tamén é necesario o traballo conxunto dos clubs deportivos e as diferentes federacións, para tratar de “educar” á poboación adulta e deportistas dos diferentes clubs con xornadas didácticas que traten sobre como deben ser as actitudes dentro dun recinto deportivo.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando a:

1º Crear unha comisión para a elaboración dun código ético e disciplinario para o noso Concello no ámbito do deporte.

2º Invitar ós diferentes clubs deportivos do noso concello a que se impliquen na elaboración deste código.

3º Impartir charlas contra a violencia no deporte nos centros educativos.

4º Instar ás distintas federacións a que traballen en conxunto para tratar de erradicar a violencia no deporte.

Despois da exposición da moción pola voceira do Psoe procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- Voceiro de Rianxo en Común

Manifesta que o seu grupo parécelles ben pero non sabemos a situación real, non teñen coñecemento de que en Rianxo se den casos. Expresa que o seu grupo votaría a favor pero puntualizando que debemos tomar medidas neste sentido dado que somos titulares de campos de fútbol e de instalacións deportivas, o concello patrocina moitos clubs. Debemos tomar decisións reintegrar parte das subvencións, prohibir uso de acceso as instalacións municipais.

- Voceiro de PP

Vamos a votar a favor todo sirva para axudar os deportistas e a xuventude.

- Voceira do BNG

Manifesta que dende a concellería de Deportes quere crearse esa comisión, manifesta que as

federacións xa teñen códigos para atallar estas situacións, se se fai código debe cumprirse e facerse con todas os axentes implicadas. Respecto do punto 3º facer charlas é un problema educacional, nos colexios supoño profesores educación física traten estes temas estará dentro das súas clases e educan nese sentido

Puntualizamos que tamén crea violencia a publicidade das apostas a que contribúen tanto os equipos como deportistas de elite e que leva a violencia e a desfeitas familiares, problema debe estudar no código ético.

Por parte deste intentarase sacar código que recolla o dito nas mocións e serva para erradicar calquera tipo de violencia que exista nas instalacións municipais e no concello de Rianxo .

Adolfo manifesta que a venda de alcohol xa se prohibiu, que as medidas disciplinarias son as propias federacións as competentes para adoptalas. No noso grupo apoiamos a moción pero tamén vemos interesante crear un decálogo e recordarlle os usuarios as normas no uso das instalacións, sobre todos os pais

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Abandona a sesión plenaria as 20:50 horas a concelleira do PP Elisa Bouzas Vicente

9.- MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN: IMPLEMENTACIÓN DUN EDIFICIO PÚBLICO ENERXÉTICAMENTE EFICIENTE.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 13 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dicíamos na exposición de motivos doutra moción que presentamos, que o climático que é unha realidade que ten a súa orixe na actividade humana e supón seguramente o maior reto da nosa especie para os vindeiros anos, xa que ameaza con levar por diante o noso modo de vida, como xa sucedeu para a poboación dalgunhas illas do Pacífico, e incluso ameazando a propia supervivencia da especie. Por incómodo que poida resultar, a estas alturas isto non é unha opinión, nin sequera unha hipótese entre outras, é unha verdade científica perfectamente documentada.

Este cambio ven provocado polo modelo enerxético das sociedades avanzadas, que en entre as súas características, unha alta demanda de enerxía, unha baixa eficiencia e unha fonte maioritariamente fósil, o que se traduce nunha alta emisión de gases con efecto invernadoiro. Dentro deste modelo un dos sectores con un peso importante no consumo de enerxía son os edificios, tanto públicos coma privados como establece o Panel Intergubernamental sobre informe da Avaliación do Cambio Climático.

Pero precisamente porque contribúen moito á demanda, os edificios poden contribuír tamén moito ó aforro, ate o punto de que neste momento chega a falarse de edificios con enerxía cero ou con enerxía plus, para referirse no primeiro caso a aqueles que producirían a mesma enerxía que a que consumirían, e no segundo para referirse a aqueles que incluso producirían máis enerxía da que consumirían. Pero sen chegar a este niveis, o grupo intergubernamental o que nos referíamos no

parágrafo anterior fala de potenciais de aforro neste ámbito de entre o 50 e o 90%, sendo un aforro do 20% acadable no curto prazo con medidas sinxelas tecnicamente e non demasiado gravosas economicamente.

A nosa proposta vai encamiñada a dispoñer dun edificio municipal, ou no cal o custo enerxético vaia á conta do concello, no que previo estudo exhaustivo se decida acometer unha serie de intervencións para acadar un determinado aforro de enerxía. Este edificio, ademais dos seus usos habituais, podería ser utilizado como unha especie de obradoiro de difusión para os veciños que quixeran implantar algún modelo de aforro nos seus fogares, e debería ter tamén unha función educativa.

Teríamos que ter tamén en conta que esta intervención para o aforro de enerxía fora tamén viable desde o punto de vista económico. Queremos con isto dicir que o investimento debe poder recuperarse nun tempo prudencial mediante o aforro económico logrado co menor consumo de enerxía. Parécenos clave isto último, porque ó ter o edificio un carácter de mostra, non debemos usar como tal unha proposta que aforre gran cantidade de enerxía, pero que non sexa viable economicamente porque o investimento necesario non se recupera co menor consumo.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Rianxo en Común proponlle ó pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Facer un estudo dos recursos técnicos dispoñibles para lograr aforro enerxético en edificios e ver cales resultaría viable e conveniente implantar.
2. Unha vez feita a elección do posible edificio, tratar cos usuarios a proposta buscando a súa implicación no proxecto.
3. Facer as intervencións correspondentes no edificio, que non necesariamente teñen que ser todas simultaneas.
4. Elaborar un proxecto de utilización con fins tanto divulgativos como educativos.

O voceiro de Rianxo en Común expón a moción e procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- Voceira do PSOE M^a Carmen

Signala que pode resultar interesante para demostrar a cidadanía a eficiencia e o aforro que podería conlevar

- Voceira do PP

Indica que parece interesante, non sabemos os custes que vai levar pero sempre que sexa un proxecto serio e se traia o pleno e despois xa se estudara o sentido do voto do proxecto concreto. Esta moción vámolos apoiar.

- Voceira do BNG

Expón que lles parece interesante a moción o seu grupo ten un proxecto feito de Aula de Agricultura ecolóxica, que non encontrou aínda liña de subvención no que poder encaixalo no Pos 2017 ou se sae algunha subvención o proxecto de aula contaría con recursos: conta con recursos aforro enerxéticos, auga de choiva para a rega, colectores solares para as duchas, aula poderían traballar escolares para facer investigación ou uso agricultura ecolóxica. Nos apoiamos a moción

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

10.- MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN: RECOÑECIMENTO DAS CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS DOS/AS TÉCNICOS EN ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 13 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitas as necesidades de atención ás persoas en situación de dependencia nun país coa pirámide de poboación invertida, onde hai moitas máis persoas maiores de 65 anos que menores de 15, e onde arredor de un terzo da poboación maior de 65 anos ten problemas de dependencia. Maioritariamente estes coidados recaen nas coidadoras familiares, situación indesexable porque lastra as posibilidades de desenrolo destas persoas, pero ademais insuficiente e inadecuado porque, sobre todo nos casos de dependencia moderada e severa, un 40% do total, son necesarios uns coñecementos técnicos que estas persoas non teñen.

En parte para axudar a cubrir esta carencia creouse o Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia que, como previamente o de Atención Sociosanitaria ó que veu a substituír, forma cada ano a centos de alumnos/as para atender a estas persoas.

O problema que agora teñen estas profesionais é que a pesar de ter acreditada unha boa formación esta non se lle recoñece laboralmente, e preténdese “asimilalas” á rede de familiares coidadores, ou de profesionais que con unha formación puntual están traballando neste edio que, no mellor dos casos, terían unha cualificación profesional de nivel 1.

Xustificaremos agora a competencia profesional destas técnicos fundamentándoa no Decreto 226/2012 que regula o título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia. Este decreto di que: “Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura”

Di tamén o citada decreto en relación á formación: “ A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.”

E tamén di que os postos de traballo máis salientables para estes/as técnicos medios serán: “Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios; coidador/ora en centros de atención psiquiátrica; xerocultor/ora; gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións; auxiliar de axuda a domicilio; asistente de atención domiciliaria; traballador/ora familiar; auxiliar de educación especial; asistente persoa; teleoperador/ora de teleasistencia.”

Por outro lado, a Lei Orgánica 5/2002 das Cualificacións e a Formación Profesional no artigo 7.1 dí o

seguinte: “Coa finalidade de facilitar o carácter integrado e a adecuación entre a formación profesional e o mercado laboral, así como a formación ó longo da vida, a mobilidade dos traballadores e a unidade de mercado laboral, crease o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, aplicable a todo o territorio nacional, que estará constituído polas cualificacións identificadas no sistema produtivo e po la formación asociada as mesmas, que se organizará en módulos formativos, articulados en un Catálogo Modular de Formación Profesional”

En relación á cualificación profesional deste técnicos conforme o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, o decreto 226/2012 establece o seguinte:

“cualificacións profesionais completas incluídas no título:

- a) Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, SSC089_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro).
- b) Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, SSC320_2 (Real decreto 1368/2007, do 19 de outubro)
- c) Xestión de chamadas de teleasistencia, SSC443_2 (Real decreto 1096/2011, do 22 de xullo)

Por todo o anteriormente exposto, elévanse para a súa aprobación ao Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1. Instar a Xunta de Galicia e demais administracións públicas que poidan ser titulares de establecementos nos que se traballe con persoas dependentes, a que na relación de postos de traballo dos mesmo utilicen as denominacións adecuadas e soliciten a formación correspondente.
2. Establecer unhas rateos mínimas de traballadores con esta formación tanto nos centros públicos coma privados que presten este tipo de servizos, así como establecer as inspeccións oportunas para que se cumpran estas rateos.
3. Recoñecer mediante convenio os dereitos económicos e laborais que corresponden a estas técnicos de nivel 2.
4. Dar traslado destes acordos ós departamentos correspondentes da Xunta de Galicia e do resto da administracións públicas de servizos de atención a persoas en situación de dependencia.

Despois de expoñer a moción polo voceiro de Rianxo en Común Antonio Castro procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- Voceira do Psoe M^a Carmen

Manifesta que está de acordo coa proposta pero para poder apoiala tamén creemos debe recoller o recoñecemento a xente leva moitos anos traballando e conta co certificado de profesionalidade se se recolle na proposta o recoñecemento vamos a apoiala senón vámonos abster.

- Voceira do PP

Sinala que vamos apoiar a emenda do Psoe, creemos que si se recolle a emenda do PSOE apoiariámola.

-Concelleira de Benestar Hadriana Ordoñez

Estamos acordanza coas demandas da moción, crear prazas para persoas que se forman co correspondente título e unha para cuestión de xustiza profesional así como loita contra o intrusivo laboral. As persoas que están exercendo a profesión teñen o dereito a solicitar o certificado de profesionalidade, a moción non prexudica en nada a este colectivo. Vamos a votar a favor.

- Voceiro de Rianxo en Común Antonio Castro

Isto son os propios alumnos que cando se van apuntar nas listas de emprego público non aparece o seu título a moción pretende recoñeza esta titulación e se valora a especialización sen perxuízo poida parecer outras equivalentes. Estamos ante unha profesión que require uns coñecementos e unha formación para coidar os nosos dependentes

- Adolfo

indica que as administracións lanzan unha determinado título especialidade formativa están na obriga de recoñecer esa titulación nas súas ofertas de emprego e na creación de bolsas de traballo de centros de día, residencias, atención sociosanitaria dos concellos. Esta moción non prexudica as persoas que están traballando so trata de defender o ciclo impartido no centro de Rianxo e que o ciclo imparte teña validez e as administracións o acompañen, se se lanzan ciclos e se forman os alumnos que se pida despois o que se está a formar

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR da proposta nos termos desta. E aproban por unanimidade que sexa unha moción conxunta dos catro grupos.

11.- MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN: MODIFICACIÓN DO SISTEMA DE REPARTO DE ALIMENTOS ÁS FAMILIAS NECESITADAS

Ausentase a concelleira do BNG Raquel Garcia Abuín xustificándose por unha condición de ética e ideoloxía.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 12 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É un feito constatado que, en virtude das políticas ultraliberais, a pobreza e a exclusión no noso país medran e afectan a sectores da poboación que se crían a salvo das penurias económicas. Recentes informes de Cáritas e da OCDE confirman que España é o segundo país da Unión Europea con maior índice de pobreza infantil, unicamente superada por Grecia. De igual maneira, España é xa o terceiro país con máis traballadores pobres (12,3%) da UE por detrás de Romanía e Grecia.

Se ben non se nos escapa que as institucións locais non poden resolver esta triste realidade, todos -especialmente os poderes públicos- estamos obrigados a manter unha especial sensibilidade co colectivo que sofre esta crise con maior virulencia. Cómpre, en definitiva, evitar calquera sospeita do que a profesora Adela Cortina denomina co termo de aporofobia, o sentimento de rexeitamento que en moitas persoas provocan os pobres.

Neste sentido, resulta dificilmente entendible o que ven acontecendo en varias ocasións nos últimos

anos en relación co reparto de alimentos no Concello de Rianxo. Inicialmente, a distribución de víveres a este colectivo, composto por arredor de 25 familias, facíase nas propias dependencias dos Servizos Sociais Municipais. Posteriormente, pasou a ter lugar no exterior do Auditorio, e ultimamente o reparto vense producindo no edificio da antiga lonxa, ou mesmo ás portas da mesma, nunha hora e día do mes determinados. Resulta obvio que non son estes nin o xeito nin o espazo máis apropiados, por canto as persoas usuarias deben facer a recollida exclusivamente nese momento preciso, e véndose ademais obrigados a exhibirse á vista de todo o público que pasa polo lugar, o que supón un claro desprezo para a súa dignidade. E todo elo, malia as reiteradas queixas formuladas polos usuarios diante de diferentes autoridades locais, suxerindo a posibilidade de que as bolsas quedasen depositadas nalgún local, no que os usuarios puidesen recollelas con maior discreción e máis facilidades horarias.

Por tódalas razóns anteriormente expostas, elévase para a súa aprobación ao Pleno Municipal o seguinte acordo:

“A Corporación Municipal encomenda aos Servizos Sociais do Concello a asunción da abriga que lle ca be na busca dun procedemento alternativo de reparto de alimentos e na colaboración para a súa posta en práctica, dun xeito máis doado para os usuarios, e particularmente de maneira máis respectuosa coa autoestima de quen carecen do máis necesario para subsistir”.

Despois de que o voceiro de Rianxo en Común expoñerá a moción procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Voceira do PSOE

Sinala que o seu grupo opoia que aínda que o lugar non sexa o ideal e pode mellorarse parécenos axeitado o reparto. Creemos que os servizos sociais do Concello camiñen máis hacia a integración e a búsqueda de traballo

Voceira do PP vamos a votar.

Concelleira de Benestar

Agradecer grupos fagan esforzo de facer mocións mellorar os servizos municipais, e importante deixar sobre a mesa as propostas de que o persoas faga o reparto dos alimentos se non era viable antes agora tampouco.

Concellería pode facer esforzo nos non queremos facer apoloxía de aparofobia, calquera proposta vai ser tida en conta e valorada.

Adolfo

Por parte do concello recibíuse primeiro toque modificar o cambio a lonxa. Pon de manifesto que alguén vivía o reparto de alimentos. Estar moi enriba sistema de reparto, faise maneira discreta e non debe facerse de forma sobreposta.

Corre perigo o reparto da comida do Colexio Castelao que se poñía en fiambreiras, agora a normativa esixe un coche refrixerado e repartilo no propio día.

Esta sobrevivianza pode contribuír a facer máis visible este problema do que realmente é buscar solución os dous programas e vai haber propostas que redunden mellora do servizo

Voceiro de Rianxo en Común

Non fixemos apreciación hai dous anos, nos non estamos sobreviviente, esta e a primeira moción de dous anos

Adolfo

Manifesta que dos usuarios non chegou queixa as asistentes sociais .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 8 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 2 dos membros do grupo Rianxo en Común, 1 membro do grupo PP), cero votos en contra e catro abstencións (dos 4 membros do grupo PSOE) dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

Incorporase a sesión a concelleira do BNG Raquel Garcia Abuín

12.- MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN: REGULACIÓN DO USO DOS LOCAIS PÚBLICOS

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 13 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os locais municipais deben estar abertos para o uso e disfrute de tódolos e tódalas rianxeiras, e para tal fin, dende o grupo municipal de Rianxo en Común, creemos que convén regular as normas para acceder ao uso dos ditos locais e elaborar criterios para o seu uso, conservación e limpeza co obxectivo de que a vida asociativa esté promocionada e garantida dende o Concello de Rianxo sen interferencias, e en condicións de gratuidade e igualdade.

O elemento asociativo configúrase na actualidade como clave no proceso de construción dunha sociedade máis participativa e máis democrática. A participación dos cidadáns e das cidadás nos asuntos públicos, dá contido e fortalece a democracia. Fai que os membros dunha comunidade sexan suxeitos socialmente máis activos, con máis capacidade para transformar o medio no que viven, e de controlar os seus órganos políticos, económicos e administrativos.

Os concellos, en tanto que son a administración máis próxima aos cidadáns, deben levar a cabo unha política pública transversal, fomentando e instaurando cauces para aumentar a contribución activa dos cidadáns na profundización dos dereitos das persoas, o fortalecemento da democracia e a mellora da calidade de vida da cidadanía.

Por outra parte, a xestión do patrimonio dos entes locais debe acometerse de conformidade cos principios de eficiencia e economía, e facendo efectiva a súa vocación de ser aplicados ao cumprimento de funcións e fins públicos. Trátase dunha responsabilidade recollida na lexislación sobre bens das entidades locais, que debe ser atendida na súa dobre faceta económica e social.

Tratándose de bens de titularidade ou dispoñibilidade municipal, susceptibles de ser empregados por unha pluralidade de asociación do concello, corresponde á Corporación a competencia exclusiva de

decidir quen pode ser beneficiario das cesións, atendendo a criterios obxectivos e de dispoñibilidade de espazo.

Préténdese con isto, promocionar a realización de actividades de interese social coa cesión, voluntaria e gratuíta, do uso de locais e equipamentos que sexan de titularidade municipal.

Así pois, coa finalidade de regular e facilitar as entidades sociais sen ánimo de lucro un espazo onde poidan desenvolver as súas actividades e conseguir os obxectivos propóñense os seguintes ACORDOS:

1. A elaboración dunha ordenanza reguladora dos locais e outras dependencias municipais susceptibles de ser cedidas a entidades veciñais, asociacións e outros colectivos do Concello de Rianxo.
2. Facer público a listaxe de locais municipais a disposición das distintas entidades así como a relación de locais e usos.

Voceiro de Rianxo en Común despois de expoñer a moción procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Voceiro do PSOE

Manifesta que están dacordo da necesidade de contar con unha ferramenta.

Voceira do PP estamos dacordo e se clarifique a listaxe pública de edificios públicos a disposicións dos usuarios

A Concelleira de cultura Raquel

Expón que é vontade do equipo remitir a corporación en breve proxecto regulamento dos locais municipais como así se fixo coa unha ordenanza de participación veciñal, estase a traballar coa colaboración USC e Universidade da Coruña, posteriormente traeríase o pleno, destacar vontade do equipo do equipo do BNG e esperamos dentro dunha sema poñer a disposición da corporación un regulamento distintos atrancos non puido saír

Os usos dos distintos locais non so entran locais da area de cultura e educación senón tamén edificios veciñais, deportivos ... A concellería de cultura ten como sede o auditorio e necesítase dispor doutras doutas instalacións para as actividades da área. Non hai problema en facer esta listaxe de locais municipais .

Nas próximas semas facilitaráselle un borrador de regulamento no cal hai temo está a traballar.

O Sr alcalde

Indica que os regulamentos poden ir en contra da propia participación, pero o regulamento que se proporá debe ser flexibles para poder interpretalo e non corte as peticións das asociacións senon que as favoreza.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a

constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

13.- MOCIÓN DO BNG: SUPERÁVIT DOS CONCELLOS

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 13 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministro de Economía vén de gabarse do cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administracións públicas en 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, un 0,6 por 100 do PIB. Non se trata, ademais, dun dato puntual, dado que desde 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, que en termos agregados aproxímase aos 26.000 millóns de euros.

Malia este esforzo económico emprendido polos concellos, a recente publicación do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantén as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición adicional 6ª da LOEPSF introducida pola LO 9/2013 de Control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos financeiros sustentábeis, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando até hoxe.

Estas normas impoñen aos concellos regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar –como acontece agora na maioría de entidades locais- un período continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.

Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a esixencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas municipais, ao tempo que se permite unha ampla lasitude na extensión do gasto noutros servizos públicos, sen dúbida menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da sociedade, como é o caso do incremento do gasto asociado aos servizos de defensa, nun 32 por 100.

A contención do gasto que se impón ás corporacións locais, ademais de inxustificada da perspectiva económica, é arbitraria respecto doutras administracións e non garda relación coas preocupacións e necesidades das maiorías sociais. Contrasta que sendo as entidades locais cumpridoras de estritas obrigas nun escenario económico adverso, cando obteñen unha melloría nos seus resultados, teñan que continuar con limitacións severas mentres que outras políticas públicas, como a citada do gasto militar, xa non tiveron que afrontar unha contracción de gasto de tanto calado como a imposta aos concellos e agora son as que teñen a preferencia do Goberno central para expandir a capacidade de gasto.

Por todo iso, o Grupo municipal do BNG, presenta o seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a derogar o artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.
2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación legislativa:
 - a) Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.
 - b) Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.
3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.
4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións legislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.

A concelleira de promoción económica Adelina expón a moción procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro de Rianxo en Común

Expón que o seu grupo vai apoiar a moción porque realmente a situación é sangrante. Os concellos que cumpren a normativa pónenselles impedimentos para poder investir, os concellos deben poder utilizar o superávit .

A voceira do PSOE

Expresa que lles parece xusto que as entidades que consiguen aforrar poidas utilizar o superávit .

A voceira do PP

A lei creou foi para axudar a Pymes e estas puidesen cobrar as facturas, dado moitas tiveron pechar por impagos, ten que existir superávit neste concello dado que todos os créditos extraxudiciais que ese levan como para non habelo o noso grupo vaise abster

Adolfo

Colle a palabra e manifesta que o superavit tampouco se pode utilizar para pagar a provedores, non se permite pagar servizos , nin inversións, as facturas do 2015 poden ser contadas, pero son mínimas .Esta moción intenta que o superávit se poida utilizar, a realidade çe que desaparece e non se

pode, xunto coa regra de gasto non se permite os concellos de gastar. O problema do déficit non é dos concellos e das comunidades de Madrid e Valencia.

Esta moción non é do BNG é unha proposta da FEMP na que forma parte membros do PP e votaron a favor os municipios representados , incluso os do PP. O alcalde do lado están en contra e declaran insumisos , os alcalde Boiro e Ribeira están descontentos. Hai una posición unánime do ámbito local porque concellos van moi ben tampouco non poden pagar facturas, vai especie de limbo .

Polo menos poida destinar a pago a provedores pero tampouco , o oportuno e que se hai superávit se poida destinar os veciños.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e 1 abstención (do membro do grupo PP) dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

14.- MOCIÓN DO BNG: DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA AOS CONCELLOS CON CRITERIOS OBXECTIVOS E TRANSPARENTES

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 13 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Único de Concellos (POS+2017), aprobado pola Deputación da Coruña no pleno do 25 de novembro de 2016, é un modelo singular de cooperación entre a Deputación e os concellos que, entre outros obxectivos, pretende mellorar e simplificar as fórmulas de cooperación cos concellos, facilitándolles a tarefa de elaboración do seu orzamento anual, ao contar cunha previsión firme na aportación provincial, permitíndolle dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, simplificando ao mesmo tempo as tarefas administrativas, coa consecuente rebaixa na sobrecarga de traballo do persoal dos concellos. Cómpre destacar, así mesmo, que este plan de colaboración cos concellos contempla a distribución de fondos con criterios obxectivos (os criterios POS), uns criterios que suscitan un amplísimo e moi maioritario apoio entre os concellos da provincia. É, pois, un instrumento de cooperación que avanza claramente na transparencia do reparto dos fondos e que permite que os concellos teñan un marco referencial da achega total inicial da Deputación da Coruña, que, por outra parte, ten un carácter dinámico, xa que as propias bases do Plan recollen a posibilidade de incrementar a súa dotación orzamentaria con cargo aos remanentes que se xeren ao longo do exercicio. O Plan Único afonda igualmente no concepto de autonomía local, posto que facilita que os concellos destinen a achega provincial ás prioridades municipais de cada concello.

Outros aspectos positivos e innovadores a destacar do Plan Único da Deputación da Coruña son: primeiro, que non esixe aos concellos o seu cofinanciamento, como si lles esixen os “Plans Finalistas” que levan aparelado unha porcentaxe de endebedamento local, evitando con isto provocar que as administracións locais sigan aumentando as súas obrigas e a súa débeda; segundo, que ofrece un mecanismo aos concellos en dificultades para sanear as súas contas públicas; e terceiro, que facilita que se rebaixen os períodos medios de pago ás empresas, o que evita que os concellos con graves problemas económicos se vexan na obriga de reducir servizos ou de subir taxas e impostos aos seus veciños e veciñas para poder facerlle fronte ao seu déficit e/ou débeda.

Con este Plan Único de Concellos (POS+2017) a Deputación da Coruña está a marcar un novo camiño para outras administracións no ámbito da cooperación local. Só hai que salientar un dato comparativo: mentres a Deputación destina inicialmente ao Plan Único 74 millóns de euros para os 93 concellos da provincia (que ao final do exercicio 2017 prevese que poida alcanzar a cifra de 100 millóns), a Xunta de Galicia unicamente achega 120 millóns ao Fondo de Cooperación Local para os 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do BNG-Asembleas Abertas do Concello de Rianxo solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma.

Despois da exposición da moción pola voceira do BNG Adelina procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Voceiro de Rianxo en Común

Expresa que están fundamentalmente de acordo en que os recursos se repartan de forma equitativa, dado que a xunta non está sendo nin transparente nin equitativa e queremos o sexa .

Voceira do PSOE

Indica que todas as administracións públicas deben aplicar estes criterios no reparto das axudas .

Voceira do PP

Sinala que este Plan supuxo que no POS 2016 o Concello de Rianxo tivese menos recursos.

O alcalde

Remata a quenda de intervencións sinalando que as partidas recibidas no 2015 foron excepcionais recibindo 800.000€ cando no ano 2012 se recibiron 200.000 €. Continua a intervención sinalando que lle gustaría que se recibisen menos subvencións e máis achegas directas que non se utilicen criterios como a orde de presentación no rexistro como o Plan Urbe .Esta moción foi aprobada na Fegamp ,salienta que a Xunta repartiu no primeiro trimestre o 80% das axudas a concellos do PP e este % non representa nin o nº de veciños, nin o nº de concellos gobernados polo PP , queremos utilicen criterios obxectivos , esforzo fiscal, poboación, fíxense non tanto na argumentación senón no contido do acordo para apoiar ou non a moción .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e 1 abstención (do membro do grupo PP) dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

15.- ROGOS E PREGUNTAS

Adolfo antes de comezar o apartado de Rogos e preguntas comeza a intervención contestado as preguntas do pleno anterior :

- Referente o pintado das pistas de Tanxil e Auditorio vai no mesmo paquete sinala que procederáse este días a pintar dado que o anterior proxecto so incluía o repintado 2 pasos de peóns, vendo a existencia de máis necesidades encargouse un novo proxecto no cal se recolle o pintado dos carrís areas de estacionamento , de ser caso zoas de carga e descarga
- Aproveitarase para facer o repintado do paso de cebra do auditorio o edificio de servizos sociais está solicitado paso nivel a Portos así como eliminar congruencia do repintado amarelo nunha zoa donde se pode aparcar pola cal se preguntou no pleno anterior .
- Sobre o estado inventario de bens, unha empresa está a elaborar o inventario , recadando información dos bens , solicitar planos de todos os bens algúns estaban feitos e noutros estanse a elaborar .Cando chegue a proposta traerase a pleno para a súa tramitación .
- O expediente do inventario de camiños está mais avanzado estivo a exposición pública, nestes momentos estase elaborando a motivación das contestacións as alegacións en dous tres meses traerase a pleno para súa aprobación definitiva. Plantexáronse moitas pola comunicade de montes, necesario estudo pormenorizado.
- En relación o expediente de xestión de lixo sábese dos pasos que se deron no concello buscar que a Mancomunidade xestionase o servizo esta contestou que non pode prestar o servizo o concello de Rianxo ata o 2020 , o Concello non pode esperar e encargoulle a unha enxeñería a elaboración das PPT .
- Voceiro de Rianxo en Común pregunta . ¿Qué prazo se baralla?
- Adolfo indica que non lle gusta falar de prazos , pode copiarse os pregos actuais e reducir o tempo pero non se trata diso dada a importancia dos servizos

Voceiro de Rianxo en Común inicia o turno de Rogos e Preguntas :

- As pistas que se van asfaltar volven a ter herba , limparonse demasiado pronto .
- Sabemos pouco dos orzamentos, que non sexa unha tradición aproba-los en xullo .
- ¿Quen prestará os servizos de auga e sumidoiros a partir do 30 de xuño ?
- Nas resolucións de Alcaldía recollese achega anual a Mancomunidade de Arousa -Norte ¿Qué medidas se toman para democratización ?
- Aparecen recollida sancións de Augas de Galicia o vertido de Quenxo ¿ de que vertido falamos se está solucionado ?

Varios rogos :

- No paseo da ribeira preto do monumento de Dieste, hai torre de iluminación non cumpre coa finalidade pasa por encima das árbores, arranxalo ou pedir portos arranxe. Que se supla a falta de luz que é bastante xeral, hai zonas medio en penumbra ata Sete fogas
- Nas resolucións de Alcaldía un gasto electricidade chama atención 900€ no Brea Segade non nos cadra co período.

- Reparos de facturas con carácter suspensivo, reiterase no tempo, gustaríanos nos dixera algo non so se limite a levantalos.
- Varios rogos en relación co tema da auga, non se nos deu resposta pensabamos que a empresa ía deixar de traballar aquí, un e do 2 de outubro de 2015 e outro febreiro de 2016, falábase investimentos tiña facer empresa nos primeiros 4 anos, sabemos moitos están feitos pero non sabemos se pola empresa. A empresa ten que entregar un informe do estado das instalacións, pediamos achegaran os informes dos últimos 4 anos .
- Referente o rogo de febreiro do 2016, cuestión había sentenza favorecía a empresa fíxese chegar a sentenza e non se nos fixo chegar, solicitámolo novamente

Voceira do PSOE indica que dúas das preguntas que fixeron no pleno anterior non se contestaron :

- ¿ A quen compete o mantemento das vías paralelas a autovía ?
- ¿Como se vai facer para atender as dependencia do concello hai problemas cas horas extra?

Os rogos deste pleno :

- Buscar algún xeito poida evitar que as tapas saneamento ou reixas se encontran nas vías fagan ruído cada vez que pasa por encima delas un coche. Hai que ter consideración persoas viven cerca .
- O pasamán que hai nas escaleiras que hai fronte o concello e que baixan a ribeira acaba antes de chegar o último chanzo e iso provocou que xa houbera caídas de persoas sobre todo de idade avanzada. Habería que mira de facer algo que non siga pasando isto.
- Nesa mesma baixada, na parede do edificio sur hai un cabreado sen ningunha protección. Se non é competencia do Concello o arranxo, que se requira a quen sexa o responsable.
- Que se arranxe algún do parque que hai en Bures. Os rapaces e rapazas non teñen onde reunirse e xogar, moitos non poden desprazarse a Asados porque seus pais non poden levarlos .Por iso están a recoller firmes a iniciativa dos rapaces .
- Recordar que é necesario arranxar as lousas de baixada e os adoquins na praza da Fonte están levantados.

Preguntas :

- ¿Quen se encarga de controlar a execución das obras que se realiza no noso concello por parte de particulares ? Parécenos moi importante que haxa alguén que se encargue de levar control para que as obras sexan executadas de acordo á licencia ade obras que ten que ter concedida. Con isto non so pensamos na recadación senón na garantía de que as obras se fan estean dentro da legalidade, e así aforraríase sen ter que facer expedientes de reposición da legalidade urbanística.
- ¿Con que criterios e consultando a quen se fan os repintados das zoas de carga e descarga?
- ¿ Con que asiduidade se fai unha limpeza a fondo das escaleiras polas que se baixa a

Praza de Castelao ata a Ribeira (as que se atopan na parte fronte o Concello) ?

- No pleno de outubro de 2016 solicitouse a colocación de pasamáns na entrada dos edificios das Escolas Vellas de Atalaia , Asados. ¿Cando se van colocar ? Ou vaise esperar caia alguén.
- O persoal de xardíns está a votar herbicidas, esperemos non sexa prexudicial .

Voceira do PP

- O espello que se indicaba no anterior pleno xunta a empresa autobuses Flora , luns non estaba arranxado ,bastante perigoso segue sen arranxarse.
- Do animal maltratado carnavais Taragoña non se dixo nada
- Fai meses tivemos reunión política social ¿quedarase enviar o proxecto, ¿enviouse? ¿contestaron ?
- A rampa da entrada escola infantil Rianxo ¿ vaise arranxar ? ¿en que prazos?

Adolfo toma a palabra :

- Mais ca unha rampla é un peche, co novo convenio temos decidir entre todos, se vamos pagar 1500 euros por neno, e costear esta obras ou entendemos que o cambiar o convenio xa non temos facer fronte que é suficiente os 1500 € .
- O proxecto de ascensor do Liceo foi remitido a política social , a Fabiola .
- Non se está votando grifosato, estase utilizando herbicidas ecolóxicos .
- O espello en Campo Lameiro colocouse non sei se onte ou hoxe se arranxou
- Para proceder o pintado das zoas de carga e descarga p consúltase a policía local, o departamento de obras o ARE
- Do control de execución das obras encargase o arquitecta de asistencia técnica, obrigáselle os particulares a poñer un cartel coa licencia ou comunicación previa .A policía local ten obrigación de vixiar as actuacións e pregunta polo cartel buscar que as menos posibles se nos escapen
- Miraremos os arranxos parques pena non metelo no anterior Pos . Mirarase de metela nalgunha outra subvención .
- O sistema iluminación da ribeira é de Portos, solicitarémoslle arranxen
- As sancións do vertido Quenxo , debense a restos limpeza xardíns , céspede , podas tirano no acantilado de forma reitirado .O terreo é de Costas e non foi nada hai dificultade en localizar o particular que fai eses verquidos .
- Respecto os orzamentos prorrogados, eu estou satisfeito. E unha situación normal, de moitos concellos, o Estado tamén esa a funcionar con orzamentos prorrogados, hai uns orzamentos vixentes que permiten o desenvolvemento normalizado do concello. O alcalde de Laxe funcionou sen aprobar nunca un orzamento. Gustaríame traelos en xaneiro.
- Relativo a sentenza de Aquagest, creo que a sentenza falaba, onde lle daba razón a

boa parte investimentos, tiveron acceso , pero non pasa nada de que maña ou pasado teñen acceso a esa sentenza. Eu creo que si a tiveron dado que foi obxecto de discusión .

- Mirarei a que se refiren os 900 € do Brea Segade
- As vías paralelas a autovía son competencia da Xunta de Galicia, encargase a Axencia Galega de Infraestruturas, téñense solicitado moitas melloras: limpeza maleza, instalación paneis para unha vivenda que non ten protección sonora, en Asados no Alto de Somoza pediuse que a auga non se acumule. Polo que debemos concretar que o Concello en numerosas ocasións fixo reclamacións a Xunta de Galicia a cal é competente hasta chegar o límite das comunicades de montes, particulares ou vías municipais .

A autovía funciona como corta lumes e as marxes debe estar limpas de maleza , para evitar que o 2017 resulte un ano complicado como foi o 2016 .

- Tema do adoquín tomaremos nota
- Arousa -Norte é unha mancomunidade complicada, de nada vale presentar so unha proposta ,porque a toma de decisións debe ser de forma unánime polos catro concellos. Convén evitar que algún se poida descolgar e quedarnos cunha mancomunidade de 3.

O alcalde da Pobra intentou presentar proposta en canto a propoña nos apoiarémola, pero igual non convén ser tan ambiciosos, debe contarse coa complicidade de todos. Pode ser unha proposta incorporar no pleno un punto sobre os asuntos da Mancomunidade .

- Adolfo pregunta se o público quere intervir , non hai intervencións

Ás 22:35 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Rianxo, xoves 19 de maio de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez